

## Unha cala na historia do teleclub de Lérez

*Jesús Rodríguez Vieitez. Rodri*

No ano 1974, Manolo Piñeiro Tobío, Manolo Calvo Casalderrey, José Seoane e outros veciños de Lérez que non podon precisar, preocupados polo deterioro do edificio da antiga sociedade *Juventud Lerezana*, trataron de recuperalo coa intención de dedicalo a centro cultural, do que carecía a parroquia. O inmoble fora incautado polo estado tras a guerra de 1936 e, nos primeiros anos da ditadura, estivo dedicado a almacén de armas e municións e, posteriormente, quedara abandonado a non ser o período que albergou as *Escolas da Hermandad* (1951-1972), aínda que a *Ganadera Mutua de Lérez* utilizouno para as súas reunións e asembleas desde 1956.

Coa estimable axuda do político e xornalista lerezán, Manuel Blanco Tobío, e a colaboración do daquela concelleiro do distrito de Lérez, Argimiro Rivas Castiñeira, este grupo de veciños comezou a facer xestións para recuperar

o referido edificio para uso veciñal, pois en Lérez o local era considerado como propiedade da parroquia por ser construído (1933) con achegas dos veciños. Houbo moitos atrancos por parte de *Hermandad de Labradores* que era a propietaria legal, aínda que non a propietaria lexítima, pero finalmente, con certas presións políticas por parte da Deputación, conseguiuase que a devandita *Hermandad*, que non quixo renunciar á propiedade, concedese un permiso – non unha cesión- que autorizaba a usar unha parte do local.

Aínda con este pequeno logro, a comisión de veciños mencionados trataron de arranxar o local poñéndolle piso de terrazo, posto que o que tiña de madeira estaba moi estragado, colocaron un falso teito de escaiola e a terraza acondicionárona para bar, lugar onde aínda hoxe celebran as súas reunións as distintos colectivos parroquiais. Estas obras foron realizadas desinteresadamente polos propios



*Grupo de música e baile tradicionais do Teleclub. 1978*

promotores con axudas dalgunhas empresas de Léz que facilitaron materiais e man de obra. Como naqueles tempos, o Ministerio de Información y Turismo estaba a promocionar os *teleclubs*, solicitáronse deste organismo as axudas que habitualmente concedían: libros, películas e outras colaboracións. E así naceu o *Teleclub de Léz*, denominación que aínda hoxe perdura, malia a súa desaparición hai bastantes anos.

O primeiro presidente foi o bibliófilo, micólogo e namorado da camelia, Antonio Odriozola, que tivo como membros de directiva as persoas antes mencionadas. Na asemblea celebrada en decembro de 1977, a proposta do daquela crego da parroquia, D. Manuel Osorio, e con verdadeira sorpresa para min, fun nomeado presidente, formando directiva cos compañeiros José Seoane, Julio Rascadao, Tito Filgueira e Manolo o de *Confecciones Senca*.

Teño que dicir que traballamos arreo. Durante o ano que estivemos dirixindo este centro foi un período de frenética actividade, pois nese curto espacio de tempo creouse un grupo de gaitas e danza, ademais de realizarse varias actividades que vou sinalar brevemente: festival de reis con regalos para os máis cativos; baile infantil de entroido con premios para os mellores disfraces; bailes para maiores; campionatos de tute e *escoba*, proxección de películas, etc. Cómpre resaltar o éxito do baile de verán celebrado no eirado do Carranco, así como o campionato de chave, que se celebrou no mesmo lugar, con participación de moitos afeccionados, incluso doutras parroquias; o primeiro premio deste concurso, un mantido carneiro, foi para Tito Reinaldo, que nun xesto que o honra, mandoullo preparar ó Carranco para degustación de todos os participantes.

Título aparte merece o grupo de gaitas e danza no que participaron máis de cincuenta rapaces e rapazas. Tivo un éxito rotundo grazas á colaboración dos pais que se comprometeron a mercar os traxes tradicionais e as gaitas, así como levar os respectivos fillos/as ós ensaios e consentir que acudisen ás diversas actuacións. O *Teleclub* sufragaba os gastos do profesor de baile, mercaba os punteiros para aprender a tocar, a caixa, o

bombo e mais as pandeiretas e poñía a disposición do grupo toda a loxística necesaria.

Como profesor de baile contratouse a Manolo Baqueriza e como profesor de gaita tiñamos a Manolo Franco, máis coñecido por *Franquiño*, home entusiasta, desinteresado e namorado da música, que traballou con este nacente grupo sen desmaio e de forma altruísta. Ensinou os rapaces a tocar a gaita e a percusión, pero ó meu entender, o seu excelente labor non foi suficientemente valorado nin agradecido por un sector do seus alumnos. Por iso desde aquí quero manifestarlle o meu agradecemento persoal: *Grazas, Franquiño. Para min fuches, como se adoita dicir, o colaborador necesario e imprescindible na creación e funcionamento da agrupación de gaitas e danzas deste Centro Cultural. As actuacións máis destacadas realizounas este grupo nas festas da Peregrina, Santiaguíño do Burgo, San Benito, San Salvador, Cerdedo, Vilaboa e Urdilde (A Coruña) entre outras.*



*Odriozola*

E xa remato dicindo que os que me sucederon non souberon ou non puideron continuar un proxecto tan ilusionante coma este, que tantos esforzos custara poñer en marcha. O que se fixo nun ano desapareceu no seguinte e todo rematou coma o "rosario da aurora".